

ALMA MATER

[Philippe Van Leeuw, 2017]

366

ESTREA EN NUMAX: 13.04.2018 | V.O.S.E. | +16

Alma mater (2017, 87')

Dirección: Philippe Van Leeuw

Guión: Philippe Van Leeuw

Elenco: Hiam Abbass, Diamand Bou Abboud,

Juliette Navis, Mohsen Abbas

Son: Paul Heymans, Olivier Mortier

Montaxe: Gladys Joujou

Vestiario: Claire Dubien

Fotografía: Virginie Surdej

Música: Jean-Luc Fafchamps

Produtoras: Altitude 100 Production,

Liaison Cinématographique (Bélxica)

Distribuidora: Surtsey Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Árabe

FILMOGRAFÍA

El día en que Dios se fue de viaje, 2009

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2018 (Premio do Público Sección Panorama), Copenhagen 2017 (Premio do Público), Sevilla 2017 (Premio do Público)

SINOPSE

Oum Yazan é nai de tres fillos. A familia resiste agochada no seu piso nunha cidade de Siria. Con coraxe, organízanse cada día para continuar vivindo a pesar das penurias e o perigo, e, por solidariedade, acollen a Halima e Karim, unha parella de veciños, e o seu recién nacido. Dubidando se fuxir ou ficar, afrontan o día a día con esperanza. Unha mañá, Karim sae de casa e soa un disparo.

«Para esta historia precisábanse personaxes fermosos. Aquí son todos inesquecíbeis»

TELERAMA



“Oum quere que a vida continúe, pesar de todo”

Entrevista con Hiam Abbass, actriz de *Alma mater*

Como chegou ao proxecto de *Alma mater*? Philippe Van Leeuw pensaba en min mentres escribía, ou cando menos iso foi o que me dixo! E cando, nun intre determinado, me pediu que lera o guiión díxenlle: «Teño que facelo!» Aínda non tiñamos orzamento pero mantivemos o contacto, tívome ao corrente dos avances do proxecto. Reuníme con Philippe para falar seriamente deste proxecto tan importante para min no sentido político. A guerra de Siria prosegue e non comprendemos moi ben que ocorre, preguntámonos se rematará e cando.

Porén, o propósito do filme non é explicarnos este conflito... É precisamente iso o que me resultaba interesante do guiión de Philippe: el non sinala o *malo* e a súa política, senón que aborda a guerra desde unha perspectiva de vitimización do ser humano, atrapado nunha maquinaria moito máis grande e forte ca el. Unha maquinaria que engule a todo o mundo, sen que ninguén sexa sequer consciente do que sucede. O filme non entra no aspecto documental da guerra de Siria, senón na intimidade dunha familia que tenta sobrevivir.

Como abordou o seu personaxe, Oum Yazan? O único que tiven que facer foi aterme ao que estaba trazado na descrición do personaxe tanto a nivel corporal como emocional. E mergullarme na película con

Philippe, que sabía moi ben o que quería. Creo que estábamos na mesma lonxitude de onda. Gústame moito esta muller que se enfrenta á súa vida, ao seu destino e o da súa familia. Ela quere que a vida continúe, pesar de todo.

“Os actos do filme están gobernados polo instinto de supervivencia”

Entrevista con Philippe Van Leeuw, director de *Alma mater*

***Alma mater* narra o día dunha familia siria que vive confinada no seu piso. De onde provén o desexo de facer este filme?** Dun sentimento de inxustiza.

Cando a comunidade internacional se volcou en Libia con todos os medios necesarios, militares e políticos, nese mesmo intre, en Siria, as manifestacións pacíficas foron contidas polo terror e ninguén fixo nada. Ao igual que para o meu primeiro filme, *El día en que Dios se fue de viaje* (2009), que trataba do xenocidio en Ruanda, baseeime nesta rabia, no sentimento de impotencia ante cousas horribes que suceden ante nós.

A realidade da guerra está moi presente pero fica fóra de campo practicamente en todo momento. Vense moitas imaxes de conflitos armados en televisión, escóitanse comentarios sobre os actos de tortura, pero non se ve como as persoas se desenvolven a diario nesta realidade na que están presas. En *Alma mater* quixen que aparecesen

imaxes de persoas que sofren a guerra cada día, con independencia das súas conviccións políticas.

De onde procede a idea do encerramento? En primeiro lugar deuma unha amiga e directora de fotografía coa que traballei en Líbano. En 2012, nunha viaxe dela a París, recibo novas da súa familia e dime que hai tres semanas que non sabe nada de seu pai, que reside en Aleppo. Só sabe que está dentro do seu piso, do que non pode saír porque no exterior os bombardeos se suceden en todas as direccións. Partín desta idea: imaxinei a este home no seu piso e preguntéime como tería resistido eu. Para responder a esas preguntas non é preciso ir preguntar a Siria nin ler testemuños. O importante é afondar no humano. A idea era narrar o día a día dunha familia normal, imaxinando o sufrimento que debe superar para que os días conserven unha aparente normalidade.

Ante a ausencia dos maridos en *Alma mater* as forzas vivas do filme son esencialmente femininas... Fronte a violencia, unha muller non adoita responder con violencia. A muller atopa outros recursos que me parecen excepcionais e que desexaba explorar, sobre todo na escena de violación. Alima tenta prestarse ao xogo dos seus agresores de maneira voluntaria en lugar de mostrarse á defensiva, recibindo golpes. Ela tenta dispersalos, afastalos todo o posíbel do seu neno, en primeiro lugar, e dos demais a continuación, a demais de salvar a súa propia vida. Os seus actos están gobernados polo seu instinto de supervivencia.

Publicado en <http://surtseyfilms.es/>
Tradución Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Étienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' O 400 golpes

SECCIÓN OFICIAL
FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN
2017

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emociona dende o primeiro momento»
Daniel de Partzarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

CO-PRODUCCIÓN: Nobuhiro Suwa (LEON) - Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Sampsy, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade (LEON) - Nobuhiro Suwa, PRODUCCIÓN: Figue en Mineur (LE) - Jean-Pierre Léaud (LEON) - Tom Harari (LE) - Florent Klockenbring, Emmanuel Crosset (LEON) - Thomas Grézaud (LEON) - Inés De La Bevière (LEON) - Martial Salomon (LEON) - Olivier Margerit (LEON) - Michiko Yoshitake - Jérôme Dopflet (LEON) - Yuji Sadai (LEON) - Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée (LEON) - Région Provence-Alpes-Côte d'Azur (LEON) - Département des Alpes-Maritimes (LEON) - CNC (LEON) - Agency for Cultural Affairs do Goberno de Xapón (LEON) - FILM-IN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End (LEON) - NUMAX Distribución

EUROPA CINEMAS | CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME | LEON | CINEMA | DA | NUMAX